



Preinscripción no programa “eu almoço no cole “curso 2023/24

Como en anteriores anos , o vindeiro curso tamén poderemos contar co servizo que presta o programa “Eu almoço no cole “ no noso centro. Dito servizo está cofinanciado polo Concello de As Pontes, e coa fin de ofertar prazas suficientes ás necesidades do noso centro é polo que se nos pide que os interesados en facer uso de dito servizo fagan unha preinscripción.

Para elo, deberán remitir ,debidamente cumprimentada a follla que para tal efecto se adxunta antes do **30 de Xuño**:

A través da mochila dos alumnos/as

Mediante o correo electrónico: anpaoutoeume.amagdalen@gmail.com

Na secretaria do centro

Posteriormente, unha vez coñezamos o número de prazas , prezo e regulamento, dende a Anpa nos poñeremos en contacto cos preinscritos para formalizala inclusión definitiva no servizo.

De tódolos xeitos cabe lembrar:

1º Horario do servizo

O servizo será relizado no periodo lectivo cunha duración de 10 meses cun horario que vai de 8:00 a 9:40 .Comezará o día 11 de setembro do 2023 e rematará o 21 de Xuño de 2024.

Sendo o horario de recepción de aboados de 7:50 ata 9:10

As entradas faránse de xeito escalonado en catro horarios para evitar as aglomeracións

IMPORTANTE: seleccionar no impreso de inscrición o horario desexado

2º Documentación a aportar:

- **Impreso de solicitude do servizo (antes do 30 de xuño)**
- **Certificados laboráis de ámbolos pais ou titores, onde se detalle o horario que realizan**
- **Informe médico en caso de alerxias ou intolerancias**

Nota: estes dous últimos documentos deberanse entregar antes do comezo do curso 2023/24 unha vez se lles comunique a súa inclusión definitiva no servizo



3º Réximen económico segundo o tipo de aboado e condición

Diferencianse dous tipos de aboados, os de días soltos que farán un uso esporádico do servizo e os aboados mensuais que son os que fagan un uso case diario do mesmo.

Aboados de días soltos :a cuota a pagar nesta modalidade será de 5€ para socios da Anpa e de 10€ para os non socios ata un máximo de 5 días /mes no primeiro caso e de 3 días /mes para os segundos . Pasados estos días o usuario deberá pagar a cuota mensual completa.

O abono dos días soltos farase en efectivo ás monitoras do servizo e se deberá avisar con antelación para o uso do mesmo.

Aboado mensual ou permanente:a cuota indivisible a pagar para socios da Anpa será de 35€ /mes por aboado e de 45€/mes aboado no caso dos non socios da Anpa. O ingreso das cuotas dos aboados permanentes , faranse por transferencia bancaria por mes adiantado dentro dos sete primeiros días naturais de cada mes

NOTA: OS IMPORTES DAS CUOTAS PODERÁN SUFRIR VARIACIÓNS ANTES DO COMEZO DO SERVIZO

Pago mes Setembro : cuota mes + fianza

Importante: a fianza axustarase como pago do último mes de servizo ou do que se notifique por escrito a baixa.

Conta banco Sabadell para o pago de almozos

Código do país	IBAN	Caixa	Sucursal	DC	Número de conta
ES	52	0081	2286	11	0001133822

Concepto de ingreso : almozos-nome do neno/a ou nenos/as (en caso de irmáns)

Importante: na folla de inscrición os interesados deberán facer constar se queren ser aboados de días soltos ou permanentes así como a súa intención de ser ou non, socios da Anpa

Para calquera aclaración non dubiden en contactar connosco